

# Guía didáctica

## 6. O paseo de Jane



Lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco  
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreiras



# BauGal 6 Interdisciplinar LINGUA-TECNOLOXÍA.

## Paseo de Jane - GUÍA DIDÁCTICA

### 4º ESO

#### 1. Introducción

O **Paseo de Jane** é unha situación de aprendizaxe interdisciplinar que conecta as materias de **Lingua Galega e Literatura** e **Tecnoloxía** para invitar o alumnado a reflexionar sobre o lugar onde vive, analizando a cidade ou vila desde unha mirada crítica, sensible e creativa.

A partir da figura de **Jane Jacobs**, activista e teórica do urbanismo, propomos un percorrido polo espazo urbano que pon o foco nas persoas e na vida que latexa nas rúas, nos espazos públicos e no patrimonio material e inmaterial das comunidades. Este itinerario de aprendizaxe pretende **fomentar a conciencia cidadá**, a reflexión sobre a sostibilidade, o uso das tecnoloxías e a capacidade de comunicación do alumnado.

A proposta desenvólvese en **seis sesións** estruturadas arredor de tres grandes eixos:

- **A arquitectura, o urbanismo e as cidades sostibles do futuro**, onde se traballan conceptos como os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), a **arquitectura bioclimática**, as **Smart cities**, as **Senseable cities** e os sistemas de **IoT e domótica** aplicados á vivenda e á xestión urbana.
- **A memoria e o patrimonio colectivo**, onde o alumnado se achega á historia e identidade do seu contorno a través da entrevista a persoas maiores e da análise de elementos patrimoniais, materiais e inmateriais de Galicia.
- **A acción cidadá e a comunicación efectiva**, que culmina na organización dun auténtico Paseo de Jane: o alumnado define un roteiro urbano, realiza intervencións orais nas paradas, redacta unha memoria compartida e elabora un **manifesto colectivo** que se presenta ao Concello como proposta de mellora.

## 2. Obxectivos do recurso

### Obxectivos da materia Lingua galega:

- **OBX1.** Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario
- **OBX3.** escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
- **OBX4.** Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
- **OBX5.** Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
- **OBX6.** Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- **OBX8.** Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
- **OBX10.** Reflexionar sobre a diversidade lingüística e o valor da lingua galega como patrimonio individual e colectivo.

### Obxectivos da materia de Tecnoloxía

- **OBX1.** Analizar retos reais e deseñar un paseo de Jane para diagnosticar e mellorar o barrio do alumnado, seguindo metodoloxías de observación e planificación colaborativa descritas na teoría.
- **OBX2.** Comparar construción tradicional vs. contemporánea e a avaliar o seu impacto ambiental, enlazando co estudo do ciclo de vida dos materiais e co deseño de vivendas máis sostibles.
- **OBX3.** Elaborar mapas dixitais, dípticos e convocatorias públicas empregando vocabulario técnico accesible e difundindo os resultados.
- **OBX5.** Crear cartografía colaborativa (*open-source*), procurar datos en liña (ODS, estatísticas de turismo) e xestionar imaxes de patrimonio, practicando así o uso crítico de TIC e o respecto á propiedade intelectual.
- **OBX6.** Toda a teoría está enfocada a avaliar como a arquitectura, o urbanismo e a industria inflúen na saúde, na cohesión social e no medio, ligándoo cos ODS, coa economía circular e coa necesidade de cidades máis inclusivas.

### 3. Contidos e criterios de avaliación

#### Contidos da materia de Lingua galega

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Comprensión e análise de textos publicitarios, orais e multimodais.
- Produción de textos orais e escritos con intención persuasiva, expresiva e argumentativa.
- Estratexias de comunicación oral: planificación, expresión en público, uso da linguaxe non verbal.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións.

## Contidos da materia de Tecnoloxía

- Aplicación de técnicas de ideación, estratexias de xestión de proxectos colaborativos e técnicas de resolución de problemas iterativas, utilizando vocabulario técnico axeitado.
- Estudo de necesidades do centro, locais, rexionais etc. Deseño de proxectos colaborativos ou cooperativos.
- Emprendemento, perseveranza, iniciativa e creatividade na resolución de problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria da actividade tecnolóxica e satisfacción e interese polo traballo e a calidade deste.
- Ciclo de vida dun produto e as súas fases. Análises sinxelas.
- Tecnoloxía sostible: aforro enerxético no transporte e nas edificacións. Arquitectura bioclimática.
- Comunidades abertas, voluntariado tecnolóxico e proxectos de servizo á comunidade.
- Vocabulario técnico apropiado.
- Presentación e difusión do proxecto empregando ferramentas dixitais e audiovisuais. Elementos, técnicas e ferramentas.
- Comunicación efectiva: entoación, expresión, xestión do tempo, adaptación do discurso e uso dunha linguaxe inclusiva, libre de estereotipos sexistas.
- Propiedade intelectual.
- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.

## **Criterios de avaliación da materia de Lingua galega**

CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.

CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.

CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.

CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.

CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.

CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.

CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información

CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.

CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.

CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso

CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.

## **Criterios de avaliación da materia de Tecnoloxía**

CA1.1 Idear e planificar solucións tecnolóxicas que xeren valor para a comunidade após analizar as necesidades da contorna.

CA1.2 Aplicar estratexias colaborativas de xestión de proxectos, validando iterativamente desde a ideación ata a difusión.

CA1.3 Xestionar un proxecto de forma creativa, empregando técnicas de investigación e ideación para obter solucións eficientes, accesibles e innovadoras.

CA1.5 Intercambiar información e fomentar o traballo en equipo de maneira asertiva.

CA1.6 Analizar os beneficios da arquitectura bioclimática e do eco-transporte no desenvolvemento sostible.

CA1.7 Identificar e valorar o alcance social dos proxectos tecnolóxicos a través de comunidades abertas, voluntariado ou servizo á comunidade.

CA5.1 Crear contidos e difundilos en distintas plataformas, configurando axeitadamente as ferramentas dixitais e respectando os dereitos de autor.

CA5.2 Presentar e divulgar propostas tecnolóxicas de maneira efectiva, empregando unha linguaxe inclusiva e non sexista, xestionando o tempo e a expresión oral/visual.

CA5.3 Organizar a información de forma estruturada e aplicar técnicas de almacenamento seguro.

## 4. Competencias clave

### Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Ten un papel central, pois o alumnado comprende e produce textos orais e escritos con diversas finalidades comunicativas: entrevistas, exposicións públicas, elaboración de materiais informativos, redacción dunha memoria e dun manifesto. Ao tempo, avánzase no dominio da lingua galega como ferramenta para expresar ideas, interpretar a realidade e participar na vida social. Finalmente, adquirese vocabulario técnico relativo ás áreas de arquitectura e urbanismo.

### Competencia plurilingüe (CP)

A unidade achega termos en galego, castelán e inglés (*smart city, sharing city, façade, gallery*), promovendo a comparación terminolóxica e a elaboración de glosarios multilingües.

Asimesmo, inclúe ligazóns a proxectos internacionais (Heidelberg, Ann Arbor, París) que existen ler materiais noutras linguas.

### Competencia dixital (CD)

Desenvólvese ao longo de todo o proceso, xa que o alumnado busca e selecciona información relevante na rede, elabora contidos dixitais (como dípticos, presentacións e cartografía dixital), usa ferramentas colaborativas e participa na difusión das conclusións do paseo a través de medios e plataformas dixitais. Avalíase tamén a fiabilidade das fontes e o uso responsable das tecnoloxías, facendo un uso crítico de datos abertos (estadísticas de turismo, mapas de paisaxe) e atendendo á licenza das imaxes e á protección de datos nun contexto de *big-data* urbano

### Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)

Maniféstase na análise das infraestruturas urbanas e no estudo da eficiencia enerxética das vivendas, así como na comprensión e deseño de sistemas tecnolóxicos vinculados á domótica e ao Internet das Cousas (IoT). Esta mirada tecnolóxica permítelle ao alumnado entender como se configuran as cidades actuais e que elementos contribúen á súa sostibilidade.

### Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

Desenvólvese a través do contacto co patrimonio material e inmaterial da contorna, da revalorización da memoria oral das persoas maiores e da observación crítica do espazo



urbano como construción cultural. O alumnado toma conciencia da dimensión simbólica da cidade e da importancia de preservar e reinterpretar a herdanza cultural colectiva.

Maniféstase, asimesmo, na creación de relatos audiovisuais e/ou infográficos como material complementario do Paseo de Jane.

### **Competencia cidadá**

Está presente no núcleo do proxecto, xa que se reflexiona sobre os dereitos colectivos, o acceso ao espazo público, a igualdade de xénero, a participación cidadá e o papel das institucións. O alumnado non só coñece o funcionamento do urbanismo, senón que propón melloras para a súa vila ou cidade, redacta un manifesto e comunícase coa corporación municipal, exercendo un papel activo e transformador.

### **Competencia emprendedora**

Ao promover a creatividade, a iniciativa e a capacidade de levar a cabo un proxecto con impacto real. O alumnado aprende a transformar unha idea en acción, a xestionar recursos, superar obstáculos e comunicar con eficacia as súas propostas, desde a planificación inicial ata a posta en práctica. Moi concretamente, estímúlase esta competencia cando o alumnado analiza a contorna e avalía a viabilidade de solucións para eco-barrios ou comunidades enerxéticas.

### **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**

Ao provocar unha reflexión sobre como a vivenda e o urbanismo afectan á saúde e ao benestar emocional (calidade do aire, sensación de seguridade, pertencenza ao barrio).

## 5. Metodoloxía de aplicación

A situación de aprendizaxe *Paseo de Jane* desenvólvese a través dunha metodoloxía activa, competencial e interdisciplinar, baseada na resolución de problemas reais e na implicación do alumnado na súa contorna próxima. O traballo parte de situacións auténticas que promoven a reflexión crítica sobre o urbanismo, a habitabilidade, a memoria colectiva e a participación cidadá, fomentando unha aprendizaxe significativa que vincula os contidos de Lingua Galega e Tecnoloxía cun contexto real e motivador.

O alumnado asume un papel protagonista no proceso de ensinanza-aprendizaxe, participando activamente en tarefas de indagación, selección de información, creación de contidos orais e escritos, toma de decisións, exposición en público e avaliación compartida. Trabállase desde o principio da *aprendizaxe baseada en proxectos*, coa preparación, desenvolvemento e execución dun Paseo de Jane como produto final visible e con impacto social.

As actividades deseñadas promoven o traballo cooperativo, a interacción oral, a elaboración de materiais multimodais e a aplicación de coñecementos técnicos e lingüísticos en situacións reais. A entrevista como ferramenta de investigación, a exposición oral como medio de comunicación e o manifesto como acción transformadora son elementos clave que conectan o saber coa acción.

Incorpórase tamén unha mirada transversal á sostibilidade, á igualdade e á xustiza social, en consonancia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030. A perspectiva de xénero e a revalorización do patrimonio local, así como a integración das tecnoloxías da información e da comunicación, fortalecen o carácter inclusivo, actual e comprometido da proposta.

## 6. Tipos de actividades

O ODE *Paseo de Jane* propón un conxunto variado de actividades que fomentan a implicación do alumnado, combinando tarefas de investigación, produción oral e escrita, análise textual e traballo colaborativo, sempre con conexión directa coa contorna.

Entre as actividades principais inclúese a realización de **entrevistas a persoas maiores** da comunidade educativa ou familiar, co obxectivo de recuperar e documentar elementos do patrimonio material e inmaterial. Esta actividade favorece a escoita activa, o respecto polas fontes orais e a valoración da memoria como parte esencial da identidade colectiva.

O alumnado tamén participa en **actividades interactivas de recoñecemento e análise do patrimonio galego**, que lles permiten coñecer exemplos representativos das diferentes épocas e cidades do país, favorecendo a contextualización histórica e artística dos bens culturais.

No eido da comprensión lectora e do traballo textual, analizarase un **texto informativo sobre Jane Jacobs**, que servirá como punto de partida para coñecer as súas achegas ao urbanismo humano e participativo. Esta lectura traballarase con preguntas de comprensión literal, inferencial e crítica, así como actividades de conexión co propio contorno.

A proposta inclúe tamén a **elaboración dun díptico informativo**, que recollerá o roteiro do Paseo de Jane, coas paradas seleccionadas, o mapa e información contextual sobre cada punto. Para decidir as paradas do roteiro realizarase previamente unha **treboada de ideas**, na que o alumnado defenderá diferentes espazos en función da súa significación simbólica, social, histórica ou ambiental.

Cada parada do paseo contará cunha **intervención oral do alumnado**, que preparará unha pequena exposición pública sobre o lugar escollido. Estas exposicións trabállanse na aula a través de dinámicas para mellorar a expresión oral, a seguridade ao falar en público e a adecuación ao contexto comunicativo.

Unha vez realizado o paseo, recolleranse as conclusións nunha **memoria compartida**, na que o grupo reflexionará sobre o aprendido, os elementos destacados, as propostas de mellora e a experiencia vivida. A partir desa memoria redactarase de maneira colaborativa un **manifesto**, que recollerá as demandas e suxestións para construír un

espazo urbano máis inclusivo, habitable e sostible, e que será presentado simbolicamente á corporación municipal.

Ademais destas actividades principais, realizaranse tarefas complementarias de revisión lingüística, planificación colaborativa, uso das TIC e avaliación compartida, co obxectivo de desenvolver un proceso completo, activo e transformador.

## 7. Estratexias de atención á diversidade e á convivencia

A situación de aprendizaxe *Paseo de Jane* deseñouse desde unha perspectiva inclusiva, tendo en conta a diversidade de ritmos, intereses, estilos de aprendizaxe e circunstancias persoais do alumnado. A proposta metodolóxica e as tarefas están baseadas nos principios da **Universal Design for Learning (DUA)**, co obxectivo de garantir que todas as persoas poidan acceder, participar e progresar na aprendizaxe con equidade.

Para atender á diversidade, proporciónanse **varias vías de representación, expresión e implicación**, facilitando que o alumnado escolla como participar nas actividades: de maneira oral, escrita, visual ou dixital. Ofértanse recursos de apoio como guións, modelos, plantillas e pautas de revisión, e adáptanse os produtos finais ás necesidades e capacidades individuais sen renunciar á esixencia nin á participación plena.

Así mesmo, foméntase o **traballo cooperativo**, que permite a colaboración entre iguais e o reparto de tarefas segundo as fortalezas e intereses de cada quen. Esta dinámica contribúe tamén a mellorar a convivencia, a empatía e a responsabilidade compartida.

Ao longo de todo o proceso, promóvese un **clima de respecto, escoita activa e diálogo**, especialmente nas actividades orais e nos momentos de toma de decisións en grupo (como a selección das paradas ou a redacción do manifesto). Trátase de construír un espazo de aprendizaxe seguro, onde todas as voces sexan valoradas e onde se fomente a participación democrática.

Doutra banda, a entrevista a persoas maiores, a reflexión sobre a memoria colectiva e a visibilización da pegada feminina no espazo público funcionan como eixos que favorecen a educación en valores, a interxeracionalidade e o recoñecemento da diversidade como riqueza.

Tamén se contempla a posibilidade de flexibilizar a avaliación mediante instrumentos variados, observación continua e autoavaliación guiada, permitindo que cada alumna e alumno demostre a súa aprendizaxe de formas diferentes.

## 8. Instrumentos de avaliación

A avaliación da situación de aprendizaxe *Paseo de Jane* concíbese como un proceso **continuado, formativo e integrador**, que ten en conta tanto os avances individuais como o grao de participación e colaboración no grupo. Empregaranse diferentes instrumentos e momentos de avaliación que permitan recoller evidencias da aprendizaxe do alumnado de maneira variada e significativa.

Durante as primeiras sesións, o alumnado realizará **pequenos tests de autoavaliación**, en formato interactivo, que lle permitirán consolidar os conceptos traballados (urbanismo, cidades sostibles, tecnoloxías intelixentes, patrimonio...) e reflexionar sobre o seu propio proceso de aprendizaxe. Estes instrumentos terán unha función esencialmente formativa, e estarán acompañados de retroalimentación que axude a avanzar.

A avaliación final terá un carácter **global, competencial e aplicado**, e virá representada pola organización e execución do **Paseo de Jane**, considerado o produto final da situación de aprendizaxe. Avaliaranse tanto os produtos elaborados (díptico, intervencións orais, memoria, manifesto) como o proceso seguido (implicación, colaboración, capacidade de análise e proposta, expresión lingüística...).

Empregarase unha combinación de **rúbricas, observación directa, autoavaliación e coavaliación** para valorar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e das competencias clave. Cada tarefa clave contará cun instrumento específico axustado aos seus obxectivos (por exemplo, rúbricas para as exposicións orais ou para o manifesto), co obxectivo de garantir unha avaliación transparente, coherente e centrada na mellora.

A avaliación tamén servirá para reforzar o vínculo entre as dúas materias implicadas, visibilizar os saberes adquiridos e recoñecer o papel activo do alumnado como cidadáns conscientes e críticos no seu medio.